

Touradas non!

Nin arte nin cultura: imposición!

Estamos outro ano máis en Pontevedra esixindo o fin das touradas nesta cidade e, como non, no país enteiro. Desde Isca! levamos anos asistindo a estas manifestacións convocadas polo colectivo local Touradas Fóra de Pontevedra porque consideramos que, como organización que procuramos un cambio radical no sistema, debemos estar sempre do lado do activismo que procura erradicar as actividades que atentan directamente contra os intereses populares e, neste caso, contra os dereitos animais.

Na Galiza do século XXI practicamente ninguén sostén que este sexa un divertimento necesario para complementar as nosas festas, como xa non contaba con apoio hai décadas. Tanto é así que as enquisas que analizan os comportamentos das galegas din, a respecto das touradas, que só un 3% da poboación galega manifesta interese polas mesmas. Se preguntamos hoxe mesmo ás mozas e mozos galegos a súa opinión sobre este tipo de festexos, seguramente topáramos cun rexeitamento case total.

E é que a mocidade, quen nos vemos con dificultades para acceder e finalizar os nosos estudos, para obter un emprego digno na nosa terra, para poder habitar unha vivenda decente ou mesmo para ter acceso a un ocio fóra do que marcan para nós as multinacionais e as políticas dos gobernos, temos outras preocupacións máis urxentes e somos máis esixentes. Queremos melloras nas nosas condicións vitais, queremos que se fomente outro tipo de cultura mentres os servizos básicos están >>

Touradas non!

Nin arte nin cultura: imposición!

Estamos outro ano máis en Pontevedra esixindo o fin das touradas nesta cidade e, como non, no país enteiro. Desde Isca! levamos anos asistindo a estas manifestacións convocadas polo colectivo local Touradas Fóra de Pontevedra porque consideramos que, como organización que procuramos un cambio radical no sistema, debemos estar sempre do lado do activismo que procura erradicar as actividades que atentan directamente contra os intereses populares e, neste caso, contra os dereitos animais.

Na Galiza do século XXI practicamente ninguén sostén que este sexa un divertimento necesario para complementar as nosas festas, como xa non contaba con apoio hai décadas. Tanto é así que as enquisas que analizan os comportamentos das galegas din, a respecto das touradas, que só un 3% da poboación galega manifesta interese polas mesmas. Se preguntamos hoxe mesmo ás mozas e mozos galegos a súa opinión sobre este tipo de festexos, seguramente topáramos cun rexeitamento case total.

E é que a mocidade, quen nos vemos con dificultades para acceder e finalizar os nosos estudos, para obter un emprego digno na nosa terra, para poder habitar unha vivenda decente ou mesmo para ter acceso a un ocio fóra do que marcan para nós as multinacionais e as políticas dos gobernos, temos outras preocupacións máis urxentes e somos máis esixentes. Queremos melloras nas nosas condicións vitais, queremos que se fomente outro tipo de cultura mentres os servizos básicos están >>

»» cubertos, cousa que a día de hoxe non pasa. Por iso denunciamos o investimento, público e privado, neste tipo de eventos, pois son o seu único sustento; e queremos esixir ás institucións competentes que fagan o posíbel por erradicar as touradas de Pontevedra e de Galiza. O Estado, a Xunta e os Concellos teñen a súa responsabilidade en frealas.

Xa abonda de meter cartos en "espectáculos" para unha minoría e que se manteñen á forza para beneficiar uns cantos mentres se recortan partidas públicas para festivais de cine, música e outras artes, boicoteando a autoorganización popular e afogando as iniciativas que as asociacións lanzan de xeito altruísta. Seguiremos a tecer e apoiar a cultura alternativa, mais estes proxectos dificilmente poderán manterse cunhas políticas contrarias á súa propia existencia.

Por iso dicimos: nin un céntimo para as touradas. Os cartos, para educación, sanidade e cultura.

Galiza libre de touradas!



folia
axitativa
de isca!

nº 73

rebater

www.iscagz.org
info@iscagz.org



»» cubertos, cousa que a día de hoxe non pasa. Por iso denunciamos o investimento, público e privado, neste tipo de eventos, pois son o seu único sustento; e queremos esixir ás institucións competentes que fagan o posíbel por erradicar as touradas de Pontevedra e de Galiza. O Estado, a Xunta e os Concellos teñen a súa responsabilidade en frealas.

Xa abonda de meter cartos en "espectáculos" para unha minoría e que se manteñen á forza para beneficiar uns cantos mentres se recortan partidas públicas para festivais de cine, música e outras artes, boicoteando a autoorganización popular e afogando as iniciativas que as asociacións lanzan de xeito altruísta. Seguiremos a tecer e apoiar a cultura alternativa, mais estes proxectos dificilmente poderán manterse cunhas políticas contrarias á súa propia existencia.

Por iso dicimos: nin un céntimo para as touradas. Os cartos, para educación, sanidade e cultura.

Galiza libre de touradas!



folia
axitativa
de isca!

nº 73

rebater

www.iscagz.org
info@iscagz.org

